

# OLGA DOURADO GONZÁLEZ



Son natural de Rianxo, o cal imprime carácter, filla de Manuel Dourado Deira, mestre, escritor e periodista que me transmitiu o amor a esta terra nosa, e de Avelina González Rodríguez, muller sabia, valente e valerosa que me inspirou para ser unha muller independente, resolutiva e forte.

Estou casada co meu mellor soporte nestas lides, que é o pai das miñas fillas, as estrelas que aluminan o meu firmamento (Ariadna e Alexia).

No eido profesional levo máis de trinta anos como servidora pública, como funcionaria de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, Subescala de **Secretaría-Intervención**.

Gracias a esta intensa profesión coñecín todos os curruchos da nosa terra e conectei coas diversas sensibilidades, tradicións, problemas e formas de vida puramente galegas. A miña traxectoria profesional transcorreu por concellos de varias provincias, coma Ourense (Rairiz de Veiga e Lobeira) e Coruña (Corcubión, Zás e A Baña).

Tamén fun Técnico de Auditoría no Concello de Contas de Galicia, facendo auditorías a varios Concellos do noso País.

O último espazo profesional onde exercín as miña labor foi no Consorcio para a Promoción da Música, que é o Órgano Xestor da Orquestra Sinfónica, Orquestra que está considerada a mellor Orquestra Sinfónica de España e unha das mellores de Europa e as súas agrupacións xuvenís serven de canteira para a colocación de músicos virtuosos en Orquestras de toda Europa.

Ademais de toda esta labor de asesoramento legal, fe pública e fiscalización do gasto, tamén me especialicei nas diversas vertentes do eido público con cursos como o de **Directiva de Administración Pública, Técnica superior de Urbanismo, Dereito Público autonómico e inspectora urbanística** e, por outra banda, son **Experta Universitaria e con Máster en Coaching, Programación Neurolingüística (PNL), e Liderazgo de Equipos**, xa que me atraen enormemente todas as cuestións relativas as interconexións entre as persoas dende diferentes sensibilidades e caracteres.

En definitiva, podo concluír que a miña experiencia laboral e formativa me dotou da capacidade de resolver problemas humanos dentro dun contexto normativo e, por todo elo, considero que todo este bagaxe profesional e formativa pode axudar a resolver os retos que presenta esta marabillosa terra, polo cal me postulo e lánzome a este reto que son as eleccións ao Parlamento Europeo.